



Título: *Bibliografía general de Ramón del Valle-Inclán*
Autor: Javier Serrano Alonso e Amparo de Juan Bolufer
Editorial: Servicios de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1995
Núm. pp.: 543
Tamaño: 17 x 24 cm

Se todo repertorio bibliográfico ten, en por si, carácter instrumental, a súa utilidade está en relación directa coa fiabilidade que lle ofrece ó usuario. Este principio, tan obvio, presupón unha traballosa tarefa cando se trata de autores de obra extensa, como é o caso de Valle-Inclán.

A dificultade de reunir, sistematizar e clasificar toda a súa producción estriba, maiormente, no sistema de escritura e publicación que o caracteriza: numerosas publicacións na prensa, sucesivas reedicións dos textos, sos ou en compilacións (con contidos ás veces alterados), con múltiples variantes textuais, cambio de títulos, emisións distintas dunha mesma edición... Por outra banda, todo este material xerou

unha amplísima bibliografía secundaria, multiplicada ata extremos abraiantes, sobre todo despois da conmemoración do cincuentenario da morte do escritor.

Javier Serrano e Amparo de Juan iniciaron e culminaron esta tarefa con éxito na súa *Bibliografía general de Ramón del Valle-Inclán*¹, que se suma a repertorios bibliográficos anteriores², agora integrados e superados na presente monografía, que pon ó noso alcance unha recompilación minuciosa e ben estructurada da bibliografía primaria e secundaria de Valle-Inclán.

Nas páxinas introductorias os autores facilitan, de forma clara e concisa, as claves para o bo uso do seu repertorio. Este dividiuse en dous

1. Ambos autores son tamén de un ensaio bibliográfico previo: "Bibliografía general sobre Ramón del Valle-Inclán (1986-1991)", en L. Schivao (ed.): *Valle-Inclán hoy. Estudios críticos y bibliográficos*, Madrid, Universidade de Alcalá, 1993, pp. 123-168.
2. Contabamos ata agora soamente con unha bibliografía de parecidas características, a de Robert Lima: *An annotated Bibliography of Ramón del Valle-Inclán*, Pennsylvania, The Pennsylvania State University Libraries, University Park, 1972. Os outros repertorios existentes, centrados ou na bibliografía primaria ou na secundaria do autor, constitúen aproximacións más limitadas nos seus obxectivos e logros có aquí reseñado, no que se enumeran tódolos que o precederon ("Estudios bibliográficos", pp. 303-306).

grandes bloques, que corresponden á bibliografía primaria e secundaria do escritor, respectivamente, organizados de acordo con premisas axustadas ós diferentes contidos.

A primeira destas dúas seccións, dividida en cinco apartados, abrese con un "cadro sinóptico de publicacións de Ramón del Valle-Inclán"³, auxiliado por unha táboa de abreviaturas que facilita a identificación das publicacións periódicas que acollerón os textos consignados. Deste xeito, e seguindo unha orde cronolóxica, o cadro permite localiza-la data, lugar de edición e tipo de publicación (prensa, libro) na que se editaron os escritos de Valle entre 1888 e 1936, ademais doutros datos de interese (fragmento, primeira versión, texto reelaborado, reedición, etc.). As notas que acompañan o devandito cadro aportan datos complementarios (autores responsables da exhumación dun texto, outros repertorios nos que aparece citado...), reveladores da meticulosidade que preside o traballo.

Os outros apartados desta primeira sección, que se pecha con un útil "Índice de obras" (pp. 279-284), agrupan:

En primeiro lugar, "Ediciones de obras originales", que son cento cincuenta e sete entradas, ordenadas seguindo un criterio cronolóxico de publicación. Cada obra describese, e esta

descripción (cubertas, portadas, colofóns, número de páxinas do texto...) implica o manexo das edicións e, por consecuencia, o rigor dos datos consignados. No caso da obra Valleinclaniana, este contacto cos textos engádelle mérito ó traballo realizado, pola dificultade que existe, en moitos casos, para a localización dos devanditos textos. Un breve epígrafe dedicado ás traducións realizadas polo escritor, ponlle punto final a este primeiro apartado.

E en segundo lugar, "Publicaciones periodísticas dispersas", que inclúe numerosos textos de Valle-Inclán, ás veces non integrados ou recollidos en libro polo escritor, e que algúns estudiosos, que tamén se citan, lograron reunir.

Integran este apartado: artigos, contos e novelas curtas, edicións xornalísticas, pre-textos e fragmentos (agrupados nas súas correspondentes series ou ciclos), poemas e prólogos. Aquí o investigador ten un punto seguro de partida para o seu traballo.

Este percorrido detallado a través da bibliografía primaria complétase coas subseccións correspondentes a "Ediciones póstumas" e "Traducciones". En ámbolos casos a ordenación baséase nun dobre criterio combinado (xenérico e cronolóxico), que se ramifica en tantos compartimentos como obras citadas.

3. Como antecedentes deste tipo de cadros sinópticos, que permiten a rápida consulta de datos, hai que mencioná-los de E. Lavand: *Valle-Inclán de journal au roman (1888-1915)*, París, Klincksieck, 1980 (trad. *La singladura narrativa de Valle-Inclán (1888-1915)*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1991), e o do propio Serrano Alonso (ed.): *Valle-Inclán: artículos completos y otras páginas olvidadas*, Madrid, Istmo, 1987, que amplía o anterior.

Se é traballoso, polas devanditas razóns, recoller e ordena-la bibliografía primaria de Valle-Inclán, enfrenta-lo escrito sobre o autor ata 1995 é "o conto de nunca acabar". As cifras cantan: xa soamente a táboa de abreviaturas que precede a esta segunda sección abrangue as páxinas 287-301, e o número de entradas abéírase ás 3.500, sen conta-las incluídas na "addenda" (pp. 509-513), que incorpora maiormente aportacións de última hora.

Pero non se trata dun alarde cuantitativo. O interese desta nova sección reside, ó meu ver, na súa organización, que possibilita varias opcións á hora da súa consulta: por unha banda, o índice onomástico, que remata a sección, pon ó alcance do lector a localización dos traballos realizados por cada investigador; por outra, pódese acudir ás subseccións xenéricas, que reúnen os traballos -por orde alfabetica de autor- consagrados a cada xénero e a cada obra en particular, que outra vez se consignan cronolóxicamente.

A ámbalas posibilidades Javier Serrano e Amparo de Juan engaden unha terceira, ó nos proporcionar unha ordenación temática da bibliografía secundaria. Estas agrupacións sempre poden ser retocadas, pero a que fan os autores é coherente e útil, pois optaron pola concentración en vez de pola atomización de epígrafes temáticos, que albergan nos respectivos subapartados aqueles estudios que primordialmente se ocupan do tema en cuestión, engadindo ó final do mesmo unha serie de referencias numéricas, que remiten ós traballos que de forma secundaria tratan o devandito tema.

As poucas ausencias ou os contados errores que nela se poidan detectar (cfr. p. 37, nº 3, con p. 161, entrada pp. 2. 2.), case inevitables nun traballo desta envergadura, non lle quitan méritos. Dispoñemos agora, pois, dunha *Bibliografía general de Valle-Inclán*, que verdadeiramente o é, ferramenta de traballo imprescindible para o estudosos, que Javier Serrano e Amparo de Juan puxeron ó seu alcance.

Margarita Santos Zas